

Informe

Instrucción sobre a aplicación da Orde do 15 de febreiro de 2021



En aplicación da Orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 15), e consonte ás instrucións recibidas dende o Servizo Territorial de Inspección Educativa, dase traslado á Comunidade Educativa da organización académica que se relaciona a continuación, e que **entrarán en vigor o vindeiro luns 22 de febreiro de 2021.**

Continuación do ensino en modo telemático nas disciplinas de:

- Análise, Harmonía e Contrapunto, Tecnoloxías para a Música, Historia da Música, Organoloxía, Introducción a Investigación, Formación Auditiva e Adestramento Vocal, Coro, Ensemble de Madeiras, Ensemble de Clarinetes, Ensemble de Metais, Big Band.
- **Pedagogía.** Continuación de **todas as disciplinas** en modo **telemático**.
- **Musicoloxía.** Continuación de **todas as disciplinas** en modo **telemático**.
- **Composición.** Continuación de **todas as disciplinas** en modo **telemático**.
- Departamentos de Canto, IMTP, Vento-Madeira e Vento-Metal. Continuación de **todas as disciplinas** en modo **telemático** (incluídas as disciplinas teóricas).

Comezan en ensino en modo presencial

- Todas as disciplinas impartidas polos Departamentos de Corda, Guitarra, Música Antiga, Percusión e Piano.
- Orquestra de corda.
- Orquestra barroca.
- **Produción e Xestión.** Todas as disciplinas en modo **presencial**.



Outras casuísticas

- Música de Cámara. Continuación en modo **telemático** das seguintes agrupacións:

ORGÁNICO	Nº DE AGRUPACIÓN	PROFESOR/A
▪ cuarteto trompetas	▪ cuarteto 6	▪ Adolfo Caride
▪ cuarteto de saxos	▪ cuarteto 1	▪ Alejandro Troya
▪ dúo cl pno	▪ trío 4	▪ Cristina García
▪ trío fl cl pno	▪ dúo 14 (trío)	▪ Cristina García
▪ dúo fl pno	▪ dúo 15	▪ Cristina García
▪ dúo fl pno	▪ dúo 16	▪ Cristina García
▪ trío vl cl pno	▪ trío 2	▪ Cristina García
▪ trío vl cl pno	▪ trío 4	▪ Cristina García
▪ dúo cl pno	▪ dúo 06	▪ Cristina García
▪ quinteto metal	▪ quinteto 7	▪ Enrique Lorenzo
▪ dúo flauta guitarra	▪ dúo 02	▪ Fernando Raña
▪ trío oboe, fagot y piano	▪ trío 1	▪ Fernando Raña
▪ quinteto metal	▪ quinteto 4	▪ Ignacio Fernández
▪ quinteto metal	▪ quinteto 5	▪ Ignacio Fernández
▪ quinteto metal	▪ quinteto 6	▪ Ignacio Fernández
▪ dúo canto y piano	▪ dúo 04	▪ José Antonio Campo
▪ trío vl cl pno	▪ dúo 11 (trío)	▪ Javier Escobar
▪ quinteto metal	▪ quinteto 3	▪ Javier Viceiro
▪ dúo fl pno	▪ dúo 20	▪ Libertad García
▪ trío vl cl pno	▪ trío 5	▪ Libertad García
▪ dúo fl pno	▪ dúo 17	▪ Manuel Morales
▪ dúo fl guitarra	▪ dúo 22	▪ Óscar Araujo
▪ quinteto viento	▪ quinteto 2	▪ Óscar Araujo
▪ dúo canto y guitarra	▪ dúo 03	▪ Patricia Blanco
▪ dúo canto y guitarra	▪ dúo 05	▪ Patricia Blanco
▪ cuarteto de saxos	▪ cuarteto 5	▪ Rafael Yebra
▪ dúo fl pno	▪ dúo 21	▪ Ricardo Pazo
▪ cuarteto clarinetes	▪ cuarteto 2	▪ Roberto Noche

As agrupacións camerísticas que non figuran no cadro anterior, serán impartidas en docencia **presencial**. Naqueles casos nos que na mesma xornada laboral do profesorado, **coincidan** as dúas modalidades de ensino, estas deberán ser atendidas **dende o Centro**. Calquera excepción a esta norma deberá de ser consensuada a través da Xefatura de Estudos.



O profesorado que atende as disciplinas de **Piano Aplicado** e **Lectura á Vista**, impartirá a súa docencia en modo **presencial** ao alumnado de Corda, Percusión e Piano. A docencia destas disciplinas para o alumnado de Vento-Madeira e Vento-Metal será en modalidade **telemática**. Naqueles casos nos que na mesma xornada laboral do profesorado, **coincidan** as dúas modalidades de ensino, estas deberán ser atendidas **dende o Centro**. Calquera excepción a esta norma deberá de ser consensuada a través da Xefatura de Estudos.

O profesorado que imparte a disciplina de **Repertorio con instrumento de tecla acompañante** ao alumnado de Corda, Percusión e Piano, realizará a súa docencia en modo **presencial**. A docencia desta disciplina continuará a impartirse en modalidade **telemática** para o alumnado de Vento-Madeira e Vento-Metal. A docencia das disciplinas do itinerario de Canto que conlevan acompañamento de piano, continuarán a impartirse en modalidade **telemática**. Naqueles casos nos que na mesma xornada laboral do profesorado, **coincidan** as dúas modalidades de ensino, estas deberán ser atendidas **dende o Centro**.

Aulas de estudo

O alumnado dos itinerarios de Corda, Guitarra, Música Antiga, Percusión e Piano poderá facer uso das aulas de estudo nas condicións habituais (mantendo os protocolos COVID-19 aprobados polo Centro).